

BASES COMPETICIÓN

COPA GALICIA TEMPADA 2025-2026

SÉNIOR MASCULINA

EQUIPOS PARTICIPANTES:

Nesta competición participan os oito mellores equipos galegos da tempada 2025/26 de 1ª Nacional Masculina do grupo A.

CATEGORÍA	EQUIPO
1ª Nacional Masculina	Valinox Novás
1ª Nacional Masculina	Calvo Xiria
1ª Nacional Masculina	Bueu Atl. Balonmán
1ª Nacional Masculina	Granitos Ibéricos Carballal
1ª Nacional Masculina	S.D. Teucro Lintel
1ª Nacional Masculina	Balonmán Culleredo
1ª Nacional Masculina	Automanía Luceros
1ª Nacional Masculina	Disiclín Balonmán Lalín

FORMATO DE COMPETICIÓN:

Todos os equipos participantes entrarán nunha eliminatoria de cuartos de final, sendo cabezas de serie e indo por diferentes partes do cadro os 1ª Nacional Masculina, o resto de equipos serán encadrados por orde de clasificación na eliminatoria de cuartos; os encontros sempre se disputarán na sede do equipo de menor categoría ou peor clasificados na tempada 2025/26.

CUARTOS (15/16 de agosto 2026)		
ELIMINATORIA	LOCAL	VISITANTE
CUARTOS 1	Disiclín Balonmán Lalín	Valinox Novás
CUARTOS 2	Automanía Luceros	Calvo Xiria
CUARTOS 3	Balonmán Culleredo	Bueu Atl. Balonmán
CUARTOS 4	S.D. Teucro Lintel	Granitos Ibéricos Carballal

SEMIFINAIS (22/23 de agosto 2026)		
ELIMINATORIA	LOCAL	VISITANTE
SEMIFINAL 1	Gañador Cuartos 1	Gañador Cuartos 4
SEMIFINAL 2	Gañador Cuartos 2	Gañador Cuartos 3

FINAL (30 de agosto 2026)			
ELIMINATORIA	LOCAL	VISITANTE	HORARIO
FINAL	Gañador Semifinal 1	Gañador Semifinal 2	13:00

As semifinais xogaranse no mesmo formato que os cuartos de final e realizarase un sorteo para decidir os equipos locatarios nesta rolda.

A final xogarase nunha sede designada pola Federación Galega de Balonmán, coincidindo coa final da Copa Galicia Feminina.

ARBITRAXES:

Nos cuartos de final e semifinais, os gastos de desprazamento e dietas do equipo arbitral, serán aboados polo club locatario.

CRITERIOS DE DESEMPATE EN TODAS AS ELIMINATORIAS:

NOREBA-GA

CONSIDERACIÓNS IMPORTANTES:

- A participación na Copa e Supercopa Galicia será de carácter obrigatorio para todos os clubs implicados; no caso de que calquera club renuncie a participar ou realice calquera acto que adultere a competición (acudir co equipo filial, non presentarse a algún encontro, pactar resultados, etc...), a FGBm informará á Secretaría Xeral Para o Deporte para que se tomen as medidas oportunas, ademais, calquera desas dúas circunstancias implicarán a mesma sanción que a retirada dun equipo en calquera competición oficial, a sanción será emitida polo Comité de Competición da FGBm.
- Seguro Deportivo obrigatorio entrará en vigor o 1 de Agosto de 2026, todos os xogadores/as e staff deberán ter o seguro correctamente tramitado para a disputa desta competición, de non ser así o encontro terá o mesmo efecto que unha incomparecencia.